

NOTA DE PRENSA

25 de setembro de 2018

O premio está dotado con 12.000 euros

A obra *Extraordinario* de Antón Lopo gañadora da XII edición do Premio Narrativa Breve Repsol

Esta mañá deuse a coñecer o fallo do xurado nun acto público na refinería no que estiveron presentes o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, o director da Área Institucional de Fundación Repsol, Gonzalo Vázquez, o director da refinería, Javier Sancho, e o portavoz do xurado, Xoan Babarro.

Esta iniciativa conta co apoio de Fundación Repsol, na que tamén colaboran a Xunta de Galicia e a editorial Galaxia.

A obra *Extraordinario* do escritor Antón Lopo, resultou gañadora da XII edición do Premio Narrativa Breve Repsol en Lingua Galega. Así o comunicou esta mañá en rolda de prensa o portavoz do xurado, Xoan Babarro, escritor e académico correspondente da Real Academia Galega.

O acto do fallo tivo lugar na refinería de Repsol na Coruña e estivo presidido polo secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, o director da Área Institucional de Fundación Repsol, Gonzalo Vázquez, acompañados do director da refinería, Javier Sancho, e o portavoz do xurado, Xoan Babarro.

Do mesmo xeito que en anteriores edicións, o premio está dotado con 12.000 euros e coa publicación do libro pola Editorial Galaxia.

Extraordinario: unha novela sólida, atractiva e ben narrada

O portavoz do Xurado destacou da obra gañadora “a particular riqueza léxica, así como os valores estilísticos relacionados coa sintaxe, que se visualiza a miúdo a través dunha puntuación orixinal”.

Babarro engadiu que “o uso da primeira persoa, a distribución do texto en noventa notas de desigual extensión e o ritmo narrativo conseguido facilitan a lectura e acaban atrapando o lector”.

O protagonista, desde hai anos separado do círculo familiar, regresa para coidar da nai, hospitalizada. A través da súa mirada iremos interpretando a personalidade de cada un dos membros da familia, desde a situación presente ata épocas pasadas. O autor non só nos mostra o ambiente hospitalario, senón tamén as difíciles relacións do personaxe central coa nai durante a infancia e a adolescencia, o trato coa irmá e o antagonismo co irmán máis vello.

O xurado do XII Premio Narrativa Breve Repsol define a *Extraordinario* como unha novela sólida, atractiva e ben narrada, cunha riqueza temática que se complementa con recursos de tipo irónico e humorístico.

O gañador

Antón Lopo (Monforte de Lemos, Lugo, 1961), escritor, xornalista e editor. Foi durante máis de vinte anos coordinador da "Revista das Letras".

Como escritor publicou obras de poesía e narrativa.

Como poeta é autor de *Sucios e desexados* (1987), *Manual de masoquistas* (1990), *A sombra dos rapaces mexando* (1995), *O libro dos amados* (1996), *OM* (1996) e *Pronomes* (1998).

Dentro da narrativa é autor das novelas *As reliquias* (1991) coa que gañou o Premio Café De catro a catro, *O riso de Isobel Hill* (2000) *Ganga* (2001) e *Obediencia* (2010) coa que obtivo o Premio Manuel García Barros. En xaneiro este ano obtivo o VI Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey.

Lopo tamén cultivou o teatro, o ensaio no ámbito da investigación literaria e mesmo a tradución.

O Premio Narrativa Breve Repsol

O Premio Narrativa Breve Repsol foi creado no 2006 pola refinería de Repsol na Coruña e desde 2010, Fundación Repsol toma a substitución

para convocar o premio contando coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, así como da Editorial Galaxia, a Real Academia Galega e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG).

No seu XII edición contou cunha participación de 28 obras orixinais e inéditas cunha extensión mínima de 50 folios e máxima de 120.

O xurado estivo composto por cinco prestixiosas personalidades das letras galegas: Xoan Babarro, escritor e académico correspondente da Real Academia Galega, Carlos Lema, director de Edicións da Editorial Galaxia, Xosé A. Neira Cruz, gañador do Premio Narrativa Breve Repsol 2017 pola súa obra *O sono das sereas*, Eli Ríos, escritora e crítica literaria, e Dolores Vilavedra, profesora de literatura galega na USC.

A entrega do Premio terá lugar antes de final de ano, nun acto público que se celebrará na cidade da Coruña.

Máis información: fundacionrepsol.com